



## REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, có patrocinio do **Concello de Vigo**, e **El Corte Inglés**, organiza o **XLIX GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL (CARREIRA DO PAVO 2010) – TROFEO EL CORTE INGLÉS**, a disputar o **19 de decembro** en Vigo, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.

2. As carreiras disputaranse no circuíto urbano da Praza de Compostela e arredores, co seguinte programa:

Hora	Categoría	Voltas	Distancia
10:30	Benxamín, ambos sexos (Nacidos nos anos 2002 - 2003)	1 pequena	713 m
10:40	Alevín, ambos sexos (Nacidos nos anos 2000 - 2001)	2 pequenas	1363 m
10:50	Infantil, ambos sexos (Nacidos nos anos 1998 - 1999)	3 pequenas	2013 m
11:05	Cadete, ambos sexos (Nacidos nos anos 1996 - 1997)	2 pequenas + 1 grande	2818 m
11:25	Xuvenil / Júnior / Vet. feminina (Nacidos nos anos 1994 - 1995 e 1992 --1993 / 35 anos cumpridos ou mais)	1 pequena + 2 grandes	3623 m
11:50	Xuvenil / Júnior / Vet. masculina (Nacidos nos anos 1994 --1995 e 1992 - 1993 / 35 anos cumpridos ou mais)	2 pequenas + 3 grandes	5728 m
12:25	Promesa / Sénior feminina (Nacidas nos anos 1989 - 1990 - 1991 / 1988 e anteriores)	2 pequenas + 2 grandes	4273 m
12:55	Promesa / Sénior masculina (Nacidos nos anos 1989 - 1990 - 1991 / 1988 e anteriores)	1 pequena + 5 grandes	7988 m

As distancias complétanse con unha cola de saída de 63 m

Os atletas veteranos poderán participar na carreira Promesa/ Sénior especificándoo na inscrición e non haberá premios para a categoría de veterano nesa carreira.

3. Poderán participar cantas persoas o desexen estean ou non federadas. As inscricións formalizaranse por escrito na Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, (rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 - 36209), **Departamento de Deportes 2ª planta de El Corte Inglés**, por correo electrónico en **resultados@vigoatletismo.es**, (facendo constar na mesma: nome e apelidos, ano de nacemento, equipo e nº de licenza no caso de atletas federados), o prazo para a inscrición péchase o día **16 de decembro ás 21 horas**.



## Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo



Casa do Deporte - oficina 21 – Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 – 36209 Vigo  
986 221 500 · Fax 986 441 216 · secretaria@vigoatletismo.es

---

4. Os atletas participarán cos dorsais que se entregarán unha hora antes do comezo do programa na Secretaría da Competición, situada no «Mesón Compostela», na mesma Praza de Compostela.

5. Concederanse trofeos ao primeiro clasificado e lotes de produtos do Nadal aos tres primeiros por cada categoría e sexo. Establécense ademais os seguintes premios para as carreiras Promesa/Señor en ambos sexos: un pavo á gañadora e gañador, así como os premios en metálico

da carreira masculina:

**1º 300 €, 2º 200 €, 3º 150 €, 4º 100 €, 5º 50 €, 6º 50 €, e 7º 30 €,**

e da carreira feminina:

**1ª 300 €, 2ª 200 €, 3ª 150 €, 4ª 100 €, e 5ª 50 €.**

6. Esta proba forma parte do circuíto Cidade de Vigo de Carreiras Populares.

7. Todas as reclamacións deberanse formular de acordo co Manual da IAAF ou RFEA en vigor.

Vº Bº

A Delegación en Vigo da FGA

**Eleuterio Á. García Rodríguez**  
*Presidente*

**Mar García López**  
*Secretaría*